

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")

SUMARIO:

Orde do 12 de decembro de 2024 pola se procede á segunda convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2025 (código de procedemento TR301X).

TEXTO:

A presente orde ten por obxecto concretar os criterios que rexerán a segunda convocatoria de concesión de axudas para impartir accións formativas de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas.

Esta convocatoria apróbase ao abeiro do disposto na Orde do 13 de agosto de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2024-2026 e se efectúa a primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, co fin de financiar accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2024 .

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, estableceu un novo marco normativo que ten por obxectivo a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional.

A súa finalidade é regular un réxime de formación e acompañamento que sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, expectativas e aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais, tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

A estes efectos, a lei orgánica 3/2022 establece que as ofertas de formación profesional deberán cubrir as necesidades de cualificación de, entre outros colectivos, as persoas traballadoras

ocupadas que necesiten adquirir, ampliar ou actualizar competencias profesionais identificadas no mercado de traballo que lles permitan a incorporación ou reincorporación ao mercado laboral e a reorientación do seu itinerario profesional.

O capítulo II do título II da Lei orgánica 3/2022, describe as tipoloxías de ofertas e graos de formación, que, para o suposto concreto dos graos A, B e C, figuran regulados nas súas seccións 1ª, 2ª e 3ª.

A disposición derogatoria única da Lei Orgánica 3/2022 deroga a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, así como cantas disposicións da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, se opoñan ao establecido na dita lei.

A disposición transitoria primeira do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece que en tanto non se proceda regulamentariamente á súa modificación, permanecerá vixente a ordenación dos certificados profesionais recollida en cada un dos reais decretos que os regulan e a súa oferta quedará integrada nos graos C do sistema de formación profesional coa denominación de certificados profesionais.

O punto 1 da disposición derogatoria única do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, dispón que queda derogado, agás o anexo IV, o Real Decreto 34/2008 do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, sen prexuízo do mantemento en vigor dos requisitos recollidos no Real Decreto 62/2022, do 25 de xaneiro, de flexibilización dos requisitos exixibles para impartir ofertas de formación profesional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, así como da oferta de formación profesional en centros do sistema educativo e de formación profesional para o emprego.

Así mesmo, o punto 5 da disposición derogatoria establece que quedan derogados todos aqueles aspectos da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e o reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación, que contradigan ou queden regulados no presente real decreto.

Coa publicación no BOE do 5 de outubro de 2022 da orde EFP/942/2022, de 23 de setembro, procedeuse a regular a oferta formativa do sistema de Formación profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, establecéndose as bases reguladoras e as condicións para o seu financiamento. En base a esta orde e con carácter extraordinario, as entregas de fondos con carácter anticipado realizaranse segundo o disposto no artigo 36 da orde de bases reguladoras de 13 de agosto de

2024.

Entre as distintas iniciativas de oferta formativa que regula a orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, inclúense as accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras ocupadas.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do Decreto 69/1993, do 10 de marzo, asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional para o emprego.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración atribúe á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego as competencias relativas á formación profesional para o emprego en toda a súa extensión, incluídos os graos A, B e C da Lei orgánica 3/2022, do 1 de marzo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e en coordinación con ela.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional establece no seu artigo 209.3c) que as administracións competentes poderán establecer unha rede de centros sostidos total ou parcialmente con financiamento público para impartir graos A, B e C, que lles permitan axilizar a posta en marcha das ofertas de formación. A tales efectos cita, entre outras opcións, os centros e entidades autorizados para impartir accións formativas do Sistema de Formación Profesional que concorran ás convocatorias de subvencións destinadas á impartición de accións formativas.

Valorando que actualmente non existe oferta formativa dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas conducente á obtención dun certificado profesional, e tendo en conta as características deste tipo de formación e o perfil do alumnado participante, enténdese que un sistema que permita solicitar as accións formativas cando exista demanda constatada para a súa impartición é o modo máis idóneo de poñer en marcha esta liña de subvencións.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regula entre outros aspectos os procedementos de concesión de subvencións e, no seu artigo 19.2, dispón que as bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O artigo 2.2 da orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, establece que as Administracións Públicas competentes poderán optar por aplicar o réxime de concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva, ou por calquera outro procedemento de concesión de subvencións previsto na normativa das administracións competentes que permita a concorrencia entre entidades beneficiarias.

Vista a viabilidade legal da súa aplicación, este procedemento de concorrência non competitiva ten como obxectivo o financiamento de actividades formativas que non requiren dunha valoración comparativa con outras propostas, polo que as resolucións de concesión ditaranse en orde de presentación das solicitudes, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos exixidos, e até o esgotamento do orzamento dispoñible en cada convocatoria.

En base ao exposto, é propósito da orde axilizar o proceso de concesión de subvencións e axustar ao máximo posible o momento no que existe demanda de formación por parte das persoas traballadoras ocupadas e dispoñibilidade das entidades de formación para a súa impartición.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 5.2 que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición. Tamén será de aplicación o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O orzamento destinado ás distintas convocatorias que poidan publicarse ao abeiro destas bases reguladoras está financiado por fondos finalistas transferidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

A concesión e xustificación das subvencións concedidas realizarase a través do réxime de módulos económicos. Para os efectos de aplicar dito réxime, a determinación da contía dos módulos económicos específicos das distintas especialidades formativas a ofertar establecerase na correspondente convocatoria e de acordo co disposto no artigo 3 e no anexo I da orde EFP/942/2022.

O cálculo do importe dos módulos económicos efectúase conforme a criterios obxectivos en atención aos valores medios de mercado dos distintos compoñentes dos custos directos e indirectos da actividade formativa, en función da familia profesional, área profesional ou especialidade formativa, así como da modalidade de impartición.

Esta segunda convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Consecuentemente con todo o anterior e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto proceder, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, á segunda convocatoria de subvencións para a realización de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas (código de procedemento TR301X).
2. As subvencións que se concedan ao abeiro do disposto nesta orde de convocatoria terán como finalidade o financiamento das especialidades formativas relacionadas no anexo III, e estarán dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación formal total ou parcial incluída nun certificado profesional, ou a adquisición de competencias clave.
3. As bases reguladoras desta convocatoria están recollidas na Orde do 13 de agosto de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2024-2026 e se efectúa a primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, co fin de financiar accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2024.

Artigo 2. Procedemento de concesión das subvencións

A concesión das axudas realizarase polo procedemento de concesión directa en réxime de concorrència non competitiva.

Artigo 3. Financiamento

1. Destínase a esta segunda convocatoria, correspondente á anualidade 2025, un crédito por importe total de catro millóns de euros (4.000.000 €), que se imputarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.03.323B.471.0 e 14.03.323B.481.0, ou aquelas que a substitúan de conformidade coa normativa orzamentaria aplicable, con código de proxecto 2021 00150. Esta aplicación está financiada con fondos finalistas transferidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

O crédito orzamentario está recollido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 17 de outubro de 2024.

Aplicación orzamentaria	Total
14.03.323B.471.0	3.200.000,00 €
14.03.323B.481.0	800.000,00 €
Total	4.000.000,00 €

2. Esta segunda convocatoria, dado o seu carácter de tramitación anticipada, queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. Os créditos orzamentarios a que se refire este artigo poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de formación para o emprego.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Calquera modificación ou ampliación dos créditos dispoñibles estará condicionada ao cumprimento dos supostos e as condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

4. Na modalidade presencial, o módulo económico euro/hora por persoa alumna aplicable a esta convocatoria será o establecido, para cada especialidade formativa, no anexo III. Nas especialidades formativas impartidas na modalidade virtual será de aplicación o 70% do importe do módulo económico presencial euro/hora por persoa alumna, cunha contía máxima de 6 €.

5. Para os custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade establécese un custo unitario de 16 € por hora lectiva.

6. Para os gastos destinados a promover a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos materiais e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade, establécese unha contía máxima por persoa alumna de 500 €.

7. O módulo de formación en empresa financiarase, de ser o caso, con 3 € por alumna ou alumno e hora de prácticas efectivamente titorizadas, que se destinarán ao financiamento dos custos da actividade da titorización das prácticas, así como ao custo da subscrición dunha póliza colectiva de accidentes de traballo e de responsabilidade civil.

Excluíranse deste cómputo as horas correspondentes ás prácticas non realizadas polas persoas participantes exentas.

Artigo 4. Entidades beneficiarias

1. Poderán solicitar e obter a condición de beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as empresas e as entidades sen ánimo de lucro que, con anterioridade á data de presentación da solicitude de subvención, estean acreditadas ou, de ser o caso, inscritas para impartiren no

ámbito da Comunidade Autónoma as ofertas formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C e/ou as competencias clave para as cales soliciten subvención, xa sexa na modalidade presencial ou virtual, entendida esta última como modalidade de teleformación.

As entidades solicitantes deberán estar acreditadas ou inscritas para impartir as ofertas de formación profesional dos graos A, B e C ou as especialidades formativas de competencias clave, no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de ser o caso que a formación se imparta na modalidade virtual, no correspondente Rexistro Estatal.

2. As entidades deberán dispor, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, das instalacións debidamente homologadas que permitan a impartición das actividades presenciais das accións formativas solicitadas.

3. As entidades que soliciten impartir a formación na modalidade virtual deberán contar con autorización previa para a impartición das mesmas ofertas na modalidade presencial.

Caso de contar coa autorización para impartir a oferta presencial, deberá garantirse que se dispón dos requisitos de espazos e recursos necesarios para a súa realización ou, de ser o caso, formalizar un convenio ou acordo público cun centro de formación profesional localizado na Comunidade Autónoma de Galicia que, estando acreditado con anterioridade á data de presentación da solicitude de subvención para impartir as referidas ofertas na modalidade presencial, garanta a presencialidade nos casos necesarios, incluídas, de ser o caso, as probas finais de cada módulo profesional. Ditos centros non se poderán modificar durante o desenvolvemento da acción formativa.

O convenio ou acordo de vinculación deberá estar formalizado, vixente e dado de alta no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia, previa resolución favorable da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, con anterioridade á presentación da solicitude de subvención.

4. O incumprimento por parte da entidade solicitante do requisito de acreditación e inscrición en prazo para impartir algunha certificación profesional ou algunha competencia clave solicitada, dará lugar á exclusión das accións formativas afectadas da solicitude.

5. As entidades beneficiarias poderán facer uso da aula virtual nos termos establecidos na orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024, na presente orde de segunda convocatoria e nas instrucións que ao respecto publique a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

6. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, aquelas nas cales concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 7.6 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

A xustificación polas entidades solicitantes de non estar incursas en ningunha das anteditas circunstancias, realizarase mediante unha declaración responsable incluída no modelo de solicitude definido no anexo I da convocatoria, cuxo contido deberá respectar o disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tampouco poderán ser persoas beneficiarias, en aplicación do disposto no artigo 82 da Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, aquelas entidades que cometan, inciten ou promocionen LGTBIfobia, incluíndo a promoción ou realización de terapias de conversión.

7. Para poder seren persoas beneficiarias da subvención, as entidades deberán contar co compromiso de participación do número mínimo de persoas traballadoras ocupadas que en cada convocatoria se determine para poder iniciar a acción formativa, así como do persoal docente acreditado encargado da súa impartición.

Este compromiso acreditarase, de acordo co disposto no artigo 7.1.d desta orde, mediante a presentación dunha declaración responsable por cada acción formativa solicitada. A declaración incluírá a relación de persoas que se comprometen a asistir á formación, con indicación do persoal formador.

O número de persoas participantes comprometidas a participar como persoas alumnas nunha acción formativa deberá ser coincidente co número de persoas para as que se solicita subvención.

8. As entidades deberán dispor e manter durante todo o período de execución da formación solicitada, a capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, e de aulas, talleres e instalacións e equipamento en xeral, para asumir a xestión e a impartición da totalidade das accións formativas que solicita.

A estes efectos deberán dispor da documentación acreditativa do cumprimento dos citados requisitos; documentación que porá á disposición da Administración cando esta llo demande.

Artigo 5. Forma e lugar de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na aplicación SIFO, anexo I, accesible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> ou no enderezo directo <https://emplego.xunta.es/sifo-solicitudes>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación

electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos establecidos na orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024 e/ou na presente orde de segunda convocatoria, ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, considerarase desistida da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Caso de que o requirimento afecte só a algunha das accións formativas da solicitude, entenderanse como desistidas unicamente estas, continuándose coa tramitación do resto do expediente.

Non se admitirán a trámite, e por conseguinte non existirá a posibilidade de emenda, as solicitudes presentadas fora de prazo.

3. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As entidades de formación poderán formular unha única solicitude de subvención e incluírán nela, dentro da súa capacidade real de execución e atendendo aos límites e requisitos que se determinan na orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024 e nesta orde de segunda convocatoria, todas as accións formativas para as que solicita subvención.

Para os posibles efectos de superación, de ser o caso, do límite máximo do importe de subvención a conceder que se estableza en cada convocatoria, ou de esgotamento do orzamento dispoñible, as accións formativas para as que se solicita subvención deberán ir ordenadas en función da prioridade de impartición que lles outorgue a entidade solicitante, de xeito que estas figuren ordenadas segundo criterio de maior a menor preferencia.

Non poderán formularse solicitudes de subvencións para impartir accións formativas que teñan previsto comezar nunha data anterior ao prazo ou data que, de ser o caso, para cada convocatoria se estableza.

4. A solicitude, que incluírá a ficha das accións formativas que se pretende impartir (anexo II), deberá presentarse acompañada da documentación complementaria relacionada no artigo 7 desta orde.

Artigo 6. Declaración responsable que forma parte da solicitude

1. Forma parte da solicitude a declaración responsable que se contén nela e na cal se farán constar os aspectos seguintes:

a) Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- De se solicitar e/ou conceder outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, deberán relacionarse estas.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

c) Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre cos requisitos establecidos nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

d) Que cumpre os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria, que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións e que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no artigo 7 da orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

e) Que as dotacións, equipamentos, medios materiais, instalacións, lugares e modalidades de impartición das accións formativas serán aquelas para as que están acreditadas e inscritas para tal fin, e que son aptas e que cumpren e manterán durante todo o período de impartición das accións formativas as condicións e requisitos que esixe a normativa aplicable.

f) Que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, así como, de ser o caso, de aulas, talleres e instalacións en xeral, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas que solicita.

g) Que dispón da documentación que acredita o cumprimento dos anteriores apartados e que a porá á disposición da administración cando lle sexa requirida.

2. A presentación dunha declaración responsable que falsee ou oculte circunstancias que impidan ou limiten a concesión da subvención ou o seu pagamento, terá a consideración dunha infracción moi grave nos termos do artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Coa finalidade de garantir a veracidade das declaracións responsables contidas neste artigo, poderán realizarse comprobacións durante calquera das fases do procedemento por parte do persoal técnico da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, das cales poderán derivarse, de ser o caso, as consecuencias sinaladas neste apartado para os supostos de falseamento do contido das declaracións responsables.

Se así se encomenda a través do instrumento xurídico correspondente, estas actuacións de comprobación poderán efectuarse a través doutra entidade, pública ou privada.

Artigo 7. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Ficha da acción formativa (anexo II).
- b) Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).
- c) De ser o caso, cando as accións formativas que se solicitan se correspondan con ofertas formativas do grao C, compromiso de subscrición dun convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que terá lugar o módulo de formación en empresa incluído no certificado profesional.
- d) Declaración responsable asinada pola persoa responsable da entidade manifestando que, para cada acción formativa que solicita, conta co compromiso de participación do número mínimo de persoas traballadoras ocupadas que se determine na convocatoria, así como do persoal docente acreditado encargado de impartir a acción formativa. A declaración deberá incluír a relación de docentes acreditados e de persoas comprometidas en asistir a cada acción formativa solicitada.
- e) De ser o caso, naquelas accións formativas nas que estea previsto o uso de aula virtual como medio complementario e adicional para desenvolver o proceso formativo, memoria explicativa detallada que acredite, de acordo co disposto no artigo 24.6 da Orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024, a viabilidade de impartir mediante aula virtual aqueles contidos da(s) acción(s) formativa(s) solicitada(s) que estea previsto realizar utilizando este medio.

A memoria deberá indicar expresamente que contidos se impartirán mediante aula virtual, a súa duración e datas de realización, así como o calendario de sesións presenciais e de exames a realizar.

- f) De ser o caso, as entidades de formación que soliciten impartir ofertas formativas na modalidade virtual deberán acreditar que contan con autorización previa para impartilas na modalidade presencial. Esta acreditación non será necesaria caso de estar dada de alta no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir as ofertas solicitadas na modalidade presencial.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán

solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. De existir discrepancia entre a información contida na solicitude (anexo I) e/ou na ficha da acción formativa (anexo II), en relación coa información achegada no resto de documentación a presentar, será considerada como correcta, para os efectos de tramitar e revisar a solicitude, alegada nos citados anexos I e II, con independencia, de ser o caso, de que para ter validez esta deba acreditarse documentalmente.

Artigo 8. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

- b) DNI/NIE da persoa representante.
 - c) NIF da entidade solicitante.
 - d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
 - e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
 - f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.
- Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. Trámites posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban efectuar trala presentación da solicitude deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática SIFO, debendo adecuarse a presentación de documentación derivada das notificacións practicadas pola Administración ao disposto no artigo 11.6 da presente orde.

Artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes

A presentación das solicitudes deberá axustarse ao disposto nos artigos 5, 6, 7 e 8 da presente orde. O prazo de presentación estará aberto dende o día da entrada en vigor da orde, establecido na disposición final segunda, ata o 30 de setembro de 2025, ou, de ser o caso, até que se esgote o crédito orzamentario dispoñible.

Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 11. Réxime das notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede

electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. A presentación de documentación derivada das notificacións practicadas será realizada exclusivamente mediante o programa informático SIFO ou, de ser o caso, a través do programa de notificación xenérico do aplicativo FORMAN, <https://emprego.xunta.es/forman>, que disporá dun punto único para efectuar todos os envíos de documentación á Administración.

Unicamente no caso de que non fose posible, por problemas técnicos acreditados que imposibilitasen a presentación de documentación polos medios establecidos no parágrafo anterior, o interesado podería realizar a súa presentación por medio dos trámites comúns da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), a través do procedemento PR004A.

Artigo 12. Recursos

As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, se o acto fose expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto non fose expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo

común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 13. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.
3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación coas accións formativas financiadas no marco da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024 e da orde de segunda convocatoria poderá, a través da canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comunicación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na ligazón <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>, pór os ditos feitos en coñecemento desta Administración.

Artigo 14. Publicidade das subvencións

1. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.
3. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 15. Accións formativas

1. A acción formativa está constituída polo contido específico da especialidade formativa que se vai impartir e polos módulos formativos transversais aos que se refire esta orde.

Para os efectos desta orde, entenderase con carácter xenérico como especialidade formativa calquera oferta do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, ou calquera competencia clave, que se vaia impartir nunha acción formativa.

Artigo 16. Módulos formativos transversais

1. En todas as accións formativas subvencionadas ao abeiro da presente orde será obrigatoria a impartición dos módulos transversais establecidos no apartado 1 e, de ser o caso, no apartado 2, do artigo 30 da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024.

2. Independentemente da modalidade de impartición na que se desenvolva a parte específica da acción formativa, os módulos transversais, coa excepción do disposto no apartado 2 do artigo 30 da orde de bases reguladoras en relación co módulo de prevención de riscos laborais, poderán impartirse na modalidade virtual.

A modalidade de impartición do módulo formativo transversal non poderá ser obxecto de modificación con respecto á establecida na resolución de concesión da subvención.

3. A impartición dos módulos formativos transversais requirirá ao alumnado participante a superación dunha proba final de aptitude.

Artigo 17. Modalidade de impartición

1. A formación obxecto de financiamento por esta orde poderá realizarse, de acordo co que para tal efecto estableza e autorice o correspondente programa formativo da especialidade que se vai impartir, nas modalidades presencial ou virtual.

Non serán obxecto de subvención aquelas accións formativas solicitadas polas entidades de formación que incumpran o disposto no parágrafo anterior.

O tipo de modalidade de impartición estará definido pola modalidade en que se imparta o contido específico da especialidade formativa da acción formativa.

2. As accións formativas dirixidas a impartir competencias clave desenvolveranse na modalidade presencial, e non estará permitida a formación a través de aula virtual.

3. Independentemente da modalidade de impartición en que se desenvolva a parte específica da acción formativa, os módulos formativos transversais, coa excepción do disposto no artigo 30.2 da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024 en relación coa realización do módulo de prevención de riscos laborais, poderán impartirse na modalidade virtual.

Artigo 18. Persoas destinatarias da formación

As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse ás persoas traballadoras ocupadas.

A consideración de persoa traballadora ocupada virá determinada pola súa situación laboral referida á data de validación da acta de selección polas oficinas de emprego. As persoas traballadoras ocupadas que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo poderán seguir participando na acción formativa que están cursando.

Artigo 19. Máximo e mínimo de participantes nas accións formativas

1. Nas accións formativas a impartir na modalidade presencial, o número mínimo de persoas alumnas por acción formativa para as cales as entidades deberán contar cun compromiso de participación para presentar unha solicitude de subvención será de 10. No caso de que a formación se imparta na modalidade virtual, este compromiso mínimo previo por acción formativa será de 15 persoas.

2. Non se poderá solicitar unha subvención para impartir a formación a un número de persoas alumnas distinto ás relacionadas no compromiso de participación na acción formativa.

3. Se con anterioridade á data de inicio da acción formativa ten lugar algunha modificación na relación de persoas comprometidas en asistir á formación, a entidade deberá comunicar tal circunstancia con indicación, de ser o caso e para os efectos de que as novas altas de participantes teñan a consideración de persoas alumnas, das persoas que substitúen a aquelas que son baixa.

4. O número máximo de participantes en accións formativas que se impartan na modalidade presencial será de 15 persoas e o mínimo, de 10. Non poderá iniciarse a acción formativa se non se reúne o mínimo de participantes o primeiro día do curso.

As accións formativas a impartir na modalidade presencial non poderán desagregarse en grupos.

5. Na formación que se imparta na modalidade virtual o número máximo de participantes será de 30 persoas por acción formativa. Para os efectos de cumprir os requisitos de capacidade das actividades presenciais previstas, a acción formativa poderá desagregarse en grupos.

Non poderá iniciarse ningunha acción formativa ou, de ser o caso, ningún grupo que non reúna os requisitos de capacidade e conte co mínimo de 10 participantes por grupo. A acreditación da existencia deste número mínimo de persoas alumnas realizarase polo acceso á plataforma de teleformación das persoas participantes durante os 5 primeiros días lectivos, que se corresponden cos 5 primeiros días naturais, contados desde a data de inicio da acción formativa.

Se transcorrido o prazo establecido na convocatoria para que o alumnado acceda á plataforma o número de persoas alumnas que se conectou é inferior ao número mínimo de participantes exixido, a entidade de formación deberalle comunicar tal circunstancia ao órgano competente e a acción formativa entenderase como non iniciada e non poderá continuar a súa impartición.

6. Nas ofertas de grao C, as persoas que estean exentas de realizar o primeiro módulo profesional e que figuren incluídas na relación nominal do alumnado seleccionado a que se refire o artigo 19.2.a) da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024, computarán como participantes da acción formativa.

7. De producirse baixas no alumnado participante unha vez iniciada a acción formativa, será de aplicación o disposto no artigo 28 da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024.

Artigo 20. Límites de aplicación na convocatoria

1. As entidades interesadas deberán presentar unha única solicitude que poderá incluír ata un máximo de tres accións formativas para as que solicita subvención.

Unha vez iniciadas a totalidade das accións formativas concedidas, a persoa beneficiaria poderá presentar unha nova solicitude de subvención. A presentación da nova solicitude estará condicionada ao cumprimento dos seguintes criterios

- Que xa se impartira un mínimo do 20% do total de horas de cada unha das accións formativas concedidas. Caso de que a acción formativa estivese estruturada en máis dun grupo o cómputo desta porcentaxe realizarase sobre cada un deles.
- Que o número de persoas alumnas de cada unha das accións formativas concedidas que estean a recibir a formación subvencionada no momento de presentar a nova solicitude sexa dun mínimo dun 80% de participantes en relación ao número de persoas alumnas comprometidas a formarse.

Sen prexuízo do disposto no artigo 23.2 da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024 respecto ao incumprimento do prazo establecido para o inicio das accións formativas, as renuncias a impartir unha acción formativa subvencionada que teñan a consideración de non xustificadas darán lugar á perda, durante un período de seis meses a contar dende a data de notificación da resolución de consideración da renuncia como non xustificada, do dereito da entidade beneficiaria a obter unha nova subvención para o financiamento de accións formativas reguladas por esta orde.

2. Poderán ser obxecto de subvención aquelas especialidades formativas que se determinen no anexo III desta convocatoria, así como os módulos formativos transversais que se impartan asociados a estas. Serán igualmente subvencionables todos os graos A e B contidos dentro dos graos C do citado anexo, así como as competencias clave.

3. Unha mesma entidade de formación non poderá ser beneficiaria dunha subvención, entendida como o sumatorio de todas as subvencións que lle foron concedidas na convocatoria, que supere o 25% do crédito orzamentario dispoñible calculado en base a aplicación orzamentaria que lle corresponda.

4. De acordo co disposto no artigo 16.2 da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024, o prazo para resolver e notificar a resolución da Administración será dun mes a contar dende a data de presentación da solicitude de subvención.

5. En aplicación do disposto no artigo 210 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, non será compatible a condición de centro asociado beneficiario, coa participación en convocatorias de outorgamento de subvencións destinadas ao desenvolvemento de accións formativas, destinadas a centros e entidades autorizados e non catalogados como centros asociados, naquelas especialidades ou familias profesionais comprendidas na súa condición de centro asociado.

A condición de centro asociado beneficiario requirirá da existencia dunha relación contractual ou convenio formalizado e da asignación dunha consignación orzamentaria para impartir accións formativas do Sistema de Formación Profesional.

Caso de que o centro asociado xa sexa, no momento de adquirir esta condición, beneficiario dunha subvención ou adxudicatario dunha licitación para impartir accións formativas do Sistema de Formación Profesional, deberá renunciar a impartir aquelas especialidades incluídas na súa condición de centro asociado cuxa realización aínda non comezara. Dita renuncia terá a consideración de xustificada.

Artigo 21. Prazos de execución das accións formativas

As accións formativas deberán comezar no prazo máximo dun mes a contar dende a data de notificación da resolución de concesión, e requirirán a previa validación do persoal técnico da unidade administrativa competente, a través da aplicación informática SIFO.

A data límite para o remate das accións formativas desta segunda convocatoria será o 29 de novembro de 2025.

Artigo 22. Prazos de xustificación das accións formativas

A xustificación das accións formativas do expediente deberá realizarse a través da aplicación informática SIFO, nos prazos establecidos no artigo 37.2 da orde de bases reguladoras do 13 de agosto de 2024 e coa data límite para a presentación da xustificación final do 12 de decembro de 2025.

Artigo 23. Anexos

Son anexos desta orde os seguintes:

- Anexo I: modelo de solicitude.
- Anexo II: ficha da acción formativa.

- Anexo III: Oferta de graos C e competencias clave subvencionables ao abeiro desta convocatoria, con indicación do importe dos módulos económicos por hora e alumna/o, e da obriga, de ser o caso, de impartir o módulo transversal de prevención de riscos laborais

Disposición adicional primeira. Resolucións adicionais

Poderán ditarse resolucións adicionais cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, da asignación ou redistribución de fondos ou de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

Disposición adicional segunda. Modificación da resolución en caso de alteración das condicións

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea, ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación da resolución de concesión e o reintegro da subvención percibida.

Disposición adicional terceira. Delegación de atribucións

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para resolver a concesión, denegación, modificación e reintegro das subvencións, así como para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento ou outras incidencias das subvencións reguladas nesta orde.

Disposición adicional cuarta. Normativa de aplicación supletoria

En todo o non disposto nesta orde será de aplicación o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no que sexa de aplicación, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve.

Así mesmo será de aplicación o establecido na Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, que a desenvolve, e no Real decreto 658/2024, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, e o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo. Será tamén de aplicación a Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, pola que se regula a oferta formativa do sistema de formación profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, se establecen as bases reguladoras, así como as condicións para o seu financiamento.

Disposición adicional quinta. Información sobre a xestión de subvencións

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto de cada convocatoria pública efectuada no marco destas bases e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), nos termos do Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da correspondente convocatoria para a súa publicación.

2. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición final primeira. Autorización para ditar resolucións e instrucións

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor aos 7 días naturais seguintes ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2024

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

INSÍRASE

O Secretario Xeral Técnico

Joaquín Macho Canales



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DOS GRAOS "A", "B" E "C", PARA PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS	TR301X	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)							

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
----------------	--	--------------------	--

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA			NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)				
IBAN							

RELACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS SOLICITADAS:

CÓDIGO DA ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO DA ESPECIALIDADE	CÓDIGO DO MÓDULO PROFESIONAL OU DA UNIDADE FORMATIVA ⁽¹⁾	DENOMINACIÓN DA OFERTA DE GRAO "A", "B" OU "C" A IMPARTIR

(1) Caso de impartir unha oferta de grao "B" ou "C"

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO					

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

3. Que coñece as estipulacións da orde de bases reguladoras e primeira convocatoria, que cumpre cos requisitos establecidos nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

4. Que cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria, que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións e que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no artigo 7 da orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.

5. Que as dotacións, equipamentos, medios materiais, instalacións, lugares e modalidades de impartición das accións formativas serán aquelas para as que están acreditadas e inscritas para tal fin, e que son aptas e que cumpren e manterán durante todo o período de impartición das accións formativas as condicións e requisitos que esixe a normativa aplicable.

6. Que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, así como, de ser o caso, de aulas, talleres e instalacións en xeral, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas que solicita.

7. Que dispón da documentación que acredita o cumprimento dos anteriores apartados e que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida.

8. Que asume e é coñecedora de que a presentación das declaracións responsables ás que se refire a presente orde falseando ou ocultando circunstancias que impedisen ou limitasen a concesión da subvención ou o seu pagamento, así como que alterasen a puntuación obtida na baremación, terá a consideración dunha infracción moi grave nos termos establecidos no artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Ficha das accións formativas (anexo II)

☐ De ser o caso, cando as accións formativas que se solicitan se correspondan con ofertas formativas do grao C, compromiso da subscrición dun convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que terá lugar o módulo de formación en empresa incluído no certificado profesional.

☐ Declaración responsable asinada pola persoa responsable da entidade manifestando que, para cada acción formativa que solicita, conta co compromiso de participación do número mínimo de persoas traballadoras ocupadas que para cada convocatoria se determine, así como do persoal docente encargado de impartir a acción formativa. A declaración deberá incluír a relación de docentes e de persoas interesadas en asistir a cada acción formativa solicitada.

☐ Naquelas accións formativas nas que estea previsto o uso de aula virtual como medio complementario e adicional para desenvolver o proceso formativo, memoria explicativa detallada que acredite, de acordo co disposto no artigo 24.6 da Orde do 13 de agosto de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, a viabilidade de impartir mediante aula virtual aqueles contidos do programa formativo que estea previsto realizar utilizando este medio.

☐ De ser o caso, as entidades de formación que soliciten impartir ofertas formativas na modalidade virtual deberán acreditar que contan con autorización previa para impartilas na modalidade presencial. Esta acreditación non será necesaria caso de estar dada de alta no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir as ofertas solicitadas na modalidade presencial.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito)			

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante		☐
DNI/NIE da persoa representante		☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social		☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga		☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.		AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante		☐ Sí ☐ Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT		☐ Sí ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento de obrigacións legais fundamentadas na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional; no Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas, no exercicio das súas competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE	
Orde do 13 de agosto de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2024-2026 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrència non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2024 (código de procedemento TR301X).	
ORDE pola que se procede á segunda convocatoria de subvencións en réxime de concorrència non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas, para o exercicio 2025 (código de procedemento TR301X).	

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data	
	, de de de

ACCIÓN FORMATIVA	
DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE FORMATIVA	CÓDIGO DA ESPECIALIDADE
CÓDIGO DA ACCIÓN FORMATIVA	COMARCA
/	

TIPO DE ESPECIALIDADE FORMATIVA	MÓDULO PROFESIONAL OU BLOQUE FORMATIVO SOLICITADO ⁽¹⁾
o Oferta de grao C o Oferta de grao B o Oferta de grao A o Competencia clave	

(1) No caso de solicitarse unha oferta de grao B ou A

CENTRO DE FORMACIÓN/IMPARTICIÓN				NÚMERO DE CENSO		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	OFICINA DE EMPREGO Á QUE PERTENCE O LUGAR DE IMPARTICIÓN ⁽²⁾				
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN		VAISE IMPARTIR FORMACIÓN MEDIANTE AULA VIRTUAL?				
o Presencial o Virtual		o Si o Non				

(2) Relativo ao lugar no que se realizarán, de ser o caso, as sesións presenciais

CENTRO PRESENCIAL VINCULADO (No suposto de que a acción formativa se imparta na modalidade virtual)	NÚMERO DE CENSO

INFORMACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA								
Nº persoas alumnas con compromiso para realizar a acción formativa: _____					Compromiso de participación de persoal docente: o Si o Non			
Grupo ⁽³⁾	Data prevista de inicio	Data prevista de remate	Número alumnas/os	Aula ⁽⁴⁾	Total horas diarias ⁽⁴⁾	Data prevista liberación aula ⁽⁴⁾	Horario ⁽⁴⁾	Días lectivos ⁽⁴⁾
Total grupos							Total alumnas/os	

(3) Unicamente para accións formativas impartidas na modalidade virtual

(4) Actividades presenciais

CONTIDOS ESPECÍFICOS				
Número total de horas presenciais ⁽⁵⁾	Número de horas de aula virtual ⁽⁶⁾	Número total de horas virtuais	Total horas	Módulo económico

(5) Total de horas presenciais, independentemente de que estas se impartan en aula física ou virtual.

(6) Horas de formación na modalidade presencial que está previsto impartir mediante aula virtual, de ser o caso

MÓDULOS FORMATIVOS TRANSVERSAIS				
Código	Denominación	Horas	Modalidade	Módulo económico

NÚMERO TOTAL DE HORAS DA ACCIÓN FORMATIVA	SUBVENCIÓN TOTAL QUE SE SOLICITA



ANEXO II
(continuación)

FORMACIÓN EN EMPRESA

Compromiso de subscripción do convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que terá lugar o módulo de formación en empresa, de ser o caso.

o Si o Non

URL DA PLATAFORMA DE APRENDIZAXE ⁽⁷⁾

(7) No caso de que a acción formativa se imparta na modalidade virtual. A URL debe corresponder con aquela coa que a entidade se acreditou

PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DA ACCIÓN FORMATIVA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CARGO			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

ANEXO III

RELACIÓN DE ESPECIALIDADES FORMATIVAS QUE PODEN SER OBXECTO DE SUBVENCIÓN NA SEGUNDA CONVOCATORIA, CON INDICACIÓN DO IMPORTE DOS MÓDULOS ECONÓMICOS POR HORA E ALUMNO/A, E DA OBRIGA, DE SER O CASO, DE IMPARTIR O MÓDULO TRANSVERSAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Nas especialidades formativas impartidas na modalidade virtual será de aplicación o 70 % do importe do módulo económico presencial €/hora por persoa alumna, cunha contía máxima de 6 €.

Os códigos de especialidade marcados cun asterisco (*), referencian competencias clave.

Listaxe ordenada por código de especialidade

Código da especialidade	Denominación da especialidade	Nivel CP	Módulo económico presencial	Obriga de impartir o módulo de Prevención Riscos Laborais (**)
ADGD0108	Xestión contable e xestión administrativa para auditoría	3	7,47	
ADGD0110	Asistencia na xestión dos procedementos tributarios	3	7,33	
ADGD0208	Xestión integrada dos recursos humanos	3	7,47	
ADGD0210	Creación e xestión de microempresas	3	7,63	
ADGD0308	Actividades de xestión administrativa	2	7,35	
ADGG0108	Asistencia á dirección	3	7,19	
ADGG0208	Actividades administrativas na relación co cliente	2	7,3	
ADGG0308	Asistencia documental e de xestión en despachos e oficinas	3	7,4	
ADGG0408	Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	1	7	
ADGG0508	Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos	1	6,97	
ADGN0108	Financiamento de empresas	3	7,23	
ADGN0110	Xestión comercial e técnica de seguros e reaseguros privados	3	7,44	
ADGN0208	Comercialización e administración de produtos e servizos financeiros	3	7,69	
ADGN0210	Mediación de seguros e reaseguros privados e actividades auxiliares	3	7,45	
AFDA0109	Guía por itinerarios en bicicleta	2	7,15	
AFDA0110	Acondicionamento físico en grupo con soporte musical	3	7,16	
AFDA0111	Fitness acuático e hidrocinesia	3	6,39	
AFDA0112	Guía por barrancos secos ou acuáticos	2	5,97	
AFDA0119	Dinamización de actividades recreativas en parques de aventuras en altura	2	7,18	
AFDA0209	Guía por itinerarios ecuestres no medio natural	2	7,2	
AFDA0210	Acondicionamento físico en sala de adestramento polivalente	3	7,05	
AFDA0211	Animación fisicodeportiva e recreativa	3	7,13	
AFDA0212	Guía de espeleoloxía	2	5,97	
AFDA0310	Actividades de natación	3	7,16	
AFDA0311	Instrución en ioga	3	7,04	
AFDA0411	Animación fisicodeportiva e recreativa para persoas con discapacidade	3	7,05	
AFDA0511	Operacións auxiliares na organización de actividades e funcionamento de instalacións deportivas	1	7,15	
AFDA0611	Guía por itinerarios de baixa e media montaña	2	7,18	
AFDP0109	Socorrismo en instalacións acuáticas	2	7,21	
AFDP0111	Balizamento de pistas, sinalización e socorrismo en espazos esquiabais	2	6,59	
AFDP0209	Socorrismo en espazos acuáticos naturais	2	7,3	

(**) Non será necesario impartir este módulo transversal, cando o programa da oferta formativa de grao A, B ou C, inclúa a realización do módulo de prevención básica de riscos laborais na construción de 60 horas.

Código da especialidade	Denominación da especialidade	Nivel CP	Módulo económico presencial	Obriga de impartir o módulo de Prevención Riscos Laborais (**)
AFDP0211	Coordinación de servizos de socorrismo en instalacións e espazos naturais acuáticos	3	7,44	
AGAC0108	Cultivos herbáceos	2	7,67	
AGAF0108	Fruticultura	2	7,6	
AGAG0108	Produción avícola intensiva	2	7,2	
AGAG0208	Produción cunícula intensiva	2	7,21	
AGAH0108	Horticultura e floricultura	2	7,58	
AGAJ0108	Actividades auxiliares en floraría	1	7,59	
AGAJ0109	Xestión e mantemento de árbores e palmeiras ornamentais	3	7,34	
AGAJ0110	Actividades de floraría	2	7,65	
AGAJ0208	Arte floral e xestión das actividades de floraría	3	7,39	
AGAJ0308	Xestión da instalación e mantemento de céspedes en campos deportivos	3	7,09	
AGAN0108	Gandaría ecolóxica	2	7,51	
AGAN0109	Coidados e manexo do cabalo	2	7,64	
AGAN0110	Doma básica do cabalo	2	7,45	
AGAN0111	Coidados e mantemento de animais utilizados para investigación e outros fins científicos	2	7,23	
AGAN0112	Asistencia nos controis sanitarios en matadoiros, establecementos de manipulación de caza e salas de despezamento	3	7,22	
AGAN0208	Cría de cabalos	3	7,21	
AGAN0210	Ferraxe de equinos	3	7,6	
AGAN0211	Apicultura	2	7,32	
AGAN0212	Realización de procedementos experimentais con animais para investigación e outros fins científicos	3	7,22	
AGAN0311	Xestión da produción gandeira	3	7,4	
AGAN0312	Coidado de animais salvaxes, de zoolóxicos e acuarios	2	7,51	
AGAN0411	Produción de animais cinexéticos	2	7,22	
AGAN0511	Xestión da produción de animais cinexéticos	3	7,21	
AGAO0108	Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría	1	7,21	
AGAO0208	Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	2	7,15	
AGAO0308	Xardinaría e restauración da paisaxe	3	7,07	
AGAP0108	Produción porcina de reprodución e cría	2	7,63	
AGAP0208	Produción porcina de recría e ceba	2	7,62	
AGAR0108	Aproveitamentos forestais	2	7,53	
AGAR0109	Xestión de repoboacións forestais e de tratamentos silvícolas	3	7,39	
AGAR0110	Xestión de aproveitamentos forestais	3	7,35	
AGAR0111	Mantemento e mellora do hábitat cinexético-piscícola	2	7,44	
AGAR0208	Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	2	7,43	
AGAR0209	Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais	1	7,54	
AGAR0211	Xestión dos aproveitamentos cinexético-piscícolas	3	7,44	
AGAR0309	Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes	1	7,58	
AGAU0108	Agricultura ecolóxica	2	7,65	
AGAU0110	Produción de sementes e plantas en viveiro	2	7,4	
AGAU0111	Manexo e mantemento de maquinaria agraria	2	7,79	
AGAU0112	Produción e recolección de cogomelos e trufas	2	7,44	
AGAU0208	Xestión da produción agrícola	3	7,26	
AGAU0210	Xestión da produción de sementes e plantas en viveiro	3	7,25	

(**) Non será necesario impartir este módulo transversal, cando o programa da oferta formativa de grao A, B ou C, inclúa a realización do módulo de prevención básica de riscos laborais na construción de 60 horas.

Código da especialidade	Denominación da especialidade	Nivel CP	Módulo económico presencial	Obriga de impartir o módulo de Prevención Riscos Laborais (**)
AGAU0211	Xestión da produción e recolección de cogomelos e trufas	3	7,44	
AGAX0108	Actividades auxiliares en gandaría	1	7,56	
AGAX0208	Actividades auxiliares en agricultura	1	7,34	
ARGA0110	Gravado calcográfico e xilográfico	2	7,79	
ARGA0111	Litografía	2	7,79	
ARGA0112	Gravado e técnicas de estampaxe	3	7,69	
ARGA0211	Encadernación artística	3	7,76	
ARGA0311	Serigrafía artística	2	7,79	
ARGC0109	Guillotinado e pregado	2	7,79	
ARGC0110	Operacións de encadernación industrial en rústica e tapa dura	2	7,79	
ARGC0112	Xestión da produción en encadernación industrial	3	7,69	
ARGC0209	Operacións en trens de cosido	2	7,99	
ARGG0110	Deseño de produtos gráficos	3	7,9	
ARGG0112	Deseño estrutural de envases e embalaxes de papel, cartón e outros soportes gráficos	3	7,97	
ARGG0212	Ilustración	3	7,55	
ARGI0109	Impresión en offset	2	8,11	
ARGI0110	Impresión en flexografía	2	7,99	
ARGI0112	Xestión da produción en procesos de impresión	3	7,69	
ARGI0209	Impresión dixital	2	7,78	
ARGI0210	Impresión en gravado en baleiro	2	7,68	
ARGI0309	Reprografía	1	7,62	
ARGI0310	Impresión en serigrafía e tampografía	2	7,87	
ARGN0109	Produción editorial	3	7,84	
ARGN0110	Desenvolvemento de produtos editoriais multimedia	3	7,59	
ARGN0210	Asistencia á edición	3	7,84	
ARGP0110	Tratamento e maquetaxe de elementos gráficos en preimpresión	2	7,67	
ARGP0112	Xestión da produción en procesos de preimpresión	3	7,56	
ARGP0210	Imposición e obtención da forma impresora	2	7,99	
ARGT0109	Cuñaxe	2	7,79	
ARGT0111	Operacións de manipulación e finalización de produtos gráficos	1	7,45	
ARGT0112	Xestión da produción en transformados de papel, cartón e outros soportes gráficos	3	7,69	
ARGT0211	Operacións auxiliares en industrias gráficas	1	7,55	
ARGT0311	Elaboración de cartón ondulado	2	7,79	
ARGT0411	Fabricación de complexos, envases, embalaxes e outros artigos de papel e cartón	2	7,79	
ARTA0111	Talla de elementos decorativos en madeira	2	7,17	
ARTA0112	Elaboración de obras de forxa artesanal	2	6,93	
ARTB0111	Elaboración de artigos de prataría	2	7,5	
ARTB0112	Reposición, montaxe e mantemento de elementos de reloxaía fina	2	7,36	
ARTB0211	Reparación de xoiaría	2	7,43	
ARTG0112	Mantemento e reparación de instrumentos de vento-metal	2	6,98	
ARTG0212	Mantemento e reparación de instrumentos de vento-madeira	2	6,98	
ARTG0312	Mantemento e reparación de instrumentos musicais de corda	3	6,97	
ARTG0412	Afinación e harmonización de pianos	3	6,97	

(**) Non será necesario impartir este módulo transversal, cando o programa da oferta formativa de grao A, B ou C, inclúa a realización do módulo de prevención básica de riscos laborais na construción de 60 horas.

Código da especialidade	Denominación da especialidade	Nivel CP	Módulo económico presencial	Obriga de impartir o módulo de Prevención Riscos Laborais (**)
ARTG0512	Regulación de planos verticais e de cola	3	6,97	
ARTN0109	Elaboración artesanal de produtos de vidro en quente	2	7,03	
ARTN0110	Reproducións de moldes e pezas cerámicas artesanais	1	7,01	
ARTN0111	Moldes e matrices artesanais para cerámica	3	6,87	
ARTN0209	Olaría artesanal	2	6,88	
ARTN0210	Decoración artesanal de vidro mediante aplicación de cor	2	7,17	
ARTN0309	Transformación artesanal de vidro en frío	2	7,03	
ARTR0112	Restauración e reparación de reloxos de época, históricos e autómatas	3	7,35	
ARTU0110	Maquinaria escénica para o espectáculo en vivo	3	7,09	
ARTU0111	Utensilios para o espectáculo en vivo	3	7,33	
ARTU0112	Construción de decorados para a escenografía de espectáculos en vivo, eventos e audiovisuais	3	7,13	
ARTU0212	Asistencia á dirección técnica de espectáculos en vivo e eventos	3	7,13	
COML0109	Tráfico de mercadorías por estrada	3	7,55	
COML0110	Actividades auxiliares de almacén	1	7,51	
COML0111	Tráfico de viaxeiros por estrada	3	7,3	
COML0121	Servizo de entrega e recollida domiciliaria	1	7,5	
COML0209	Organización do transporte e a distribución	3	7,5	
COML0210	Xestión e control do aprovisionamento	3	7,4	
COML0211	Xestión comercial e financeira do transporte por estrada	3	7,33	
COML0309	Organización e xestión de almacéns	3	7,43	
COMM0110	Mercadotecnia e compravenda internacional	3	7,48	
COMM0111	Asistencia á investigación de mercados	3	7,61	
COMM0112	Xestión de márketing e comunicación	3	7,53	
COMP0108	Implantación e animación de espazos comerciais	3	7,16	
COMT0110	Atención ao cliente, consumidor ou usuario	3	7,54	
COMT0111	Xestión comercial inmobiliaria	3	7,32	
COMT0112	Actividades de xestión do pequeno comercio	2	7,17	
COMT0210	Xestión administrativa e financeira do comercio internacional	3	7,43	
COMT0211	Actividades auxiliares de comercio	1	7,4	
COMT0311	Control e formación en consumo	3	7,65	
COMT0411	Xestión comercial de vendas	3	7,44	
COMV0108	Actividades de venda	2	7,45	
CTRC0002 (*)	Comunicación en lingua galega N2	2	7,45	
CTRC0003 (*)	Comunicación en lingua galega N3	3	7,45	
ELEE0108	Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas	1	7,77	Si
ELEE0109	Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión	2	7,93	Si
ELEE0110	Desenvolvemento de proxectos de instalacións eléctricas no ámbito de edificios e con fins especiais	3	7,61	
ELEE0209	Montaxe e mantemento de redes eléctricas de alta tensión de segunda e terceira categoría e centros de transformación	2	7,66	Si
ELEE0210	Desenvolvemento de proxectos de redes eléctricas de baixa e alta tensión	3	7,77	Si
ELEE0310	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de instalacións eléctricas no ámbito de edificios	3	7,6	Si
ELEE0410	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas aéreas de alta tensión de segunda e terceira categoría, e centros de transformación de intemperie	3	7,77	

(**) Non será necesario impartir este módulo transversal, cando o programa da oferta formativa de grao A, B ou C, inclúa a realización do módulo de prevención básica de riscos laborais na construción de 60 horas.

Código da especialidade	Denominación da especialidade	Nivel CP	Módulo económico presencial	Obriga de impartir o módulo de Prevención Riscos Laborais (**)
ELEE0510	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas subterráneas de alta tensión de segunda e terceira categoría, e centros de transformación de interior	3	7,77	Si
ELEE0610	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior	3	7,68	Si
ELEM0110	Desenvolvemento de proxectos de sistemas de automatización industrial	3	7,85	Si
ELEM0111	Montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos	2	7,83	Si
ELEM0210	Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial	3	7,84	Si
